

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Bases reguladoras do “XXX Concurso de Contos Vila de Pontedeume”

ANUNCIO

Bases reguladoras do “XXX CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME”

Por medio de decreto número 143/2020, do 27/02/2020, resolveuse convocar e aprobar as bases do “XXX CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME”, que a continuación se transcriben:

“BASES XXX CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME”

1. Poderán concorrer ao premio estudantes de Segundo Ciclo da ESO, Bacharelato e Ciclos de Formación de Grao Medio ou Superior, cuxa idade non supere os 20 anos.

2. Os contos estarán en lingua galega e cada participante presentará unha única obra.

3. Os contos, que deberán ser orixinais e inéditos, terán unha extensión non inferior a seis (6) páxinas nin superior a oito (8), estarán mecanografiados a dobre espazo con letra Arial, corpo 12, e tamaño DIN A4. As follas deberán estar paxinadas.

4. As obras presentaranse directamente ou ben poderán ser remitidas por correo certificado ao Rexistro Xeral do Concello de Pontedeume (rúa Real, 13. 15600 Pontedeume. A Coruña).

As obras entregaranse en sobre pechado en cuxo exterior constará: o nome do concurso, o título da obra e lema ou pseudónimo do autor ou autora. No interior xuntarase outro sobre pechado, no que constará: o nome do concurso, o título da obra e lema ou pseudónimo do autor ou autora, o auténtico nome e apelidos do autor ou autora, a fotocopia do DNI, teléfono de contacto, enderezo, indicación do centro no que cursa estudos e estudos que está a cursar.

Tamén se poderán presentar a través de correo electrónico a correo@pontedeume.gal. Ao correo deberán xuntárselle dous arquivos: un co conto e outro co nome e apelidos do autor o autora, a fotocopia do DNI, teléfono de contacto, enderezo, indicación do centro no que cursa estudos e estudos que está a cursar.

6. O prazo de presentación remata o 16 de abril de 2020.

7. Estabéllese un único premio dotado con 600 € (este premio está suxeito á retención vixente do IRPF (RIRPF, art. 70).

8. O premio poderá quedar deserto de non existiren obras de calidade a xuízo do xurado.

9. Así mesmo o xurado poderá determinar o outorgamento de accésits.

10. O xurado, nomeado polo Concello de Pontedeume, estará composto por tres membros e un secretario ou secretaria con voz e sen voto, en representación da Concellería de Cultura. A decisión do xurado comunicáraselles aos participantes e público en xeral o mesmo día da entrega dos premios.

11. O día da entrega dos premios será o día 17 de maio de 2020, Día das nosas letras.

12. O Concello de Pontedeume resérvase a posibilidade de publicar o premio e accésits no momento que considere conveniente. Neste sentido, o autor ou a autora renuncia a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor e o/os exemplar/es que entregue da súa/s obra/s quedarán en propiedade do Concello.

13. A organización resérvase o dereito de cancelar o concurso ou resolver os imprevistos sen estar obrigada a comunicarllelo previamente aos participantes.

14. A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.”

O que se fai público para xeral coñecemento, dando cumprimento así ao contido da dita resolución.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, en Pontedeume a 28 de febreiro de 2020.